

ACORDO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, O CONCELLO DE PORTO DO SON E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO E FACHADA PORTUARIA NA VILA DE PORTO DO SON

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7 de setembro) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia

Doutra parte, Luís Oujo Pouso, Alcalde-presidente do concello de Porto do Son, facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.l.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E doutra, Susana Linguas Gil, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, na súa calidade de Presidenta, cargo para o que foi nomeada por Decreto 80/2019, do 11 de xullo (DOG. núm. 132 do 12 de xullo), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, da EPE Portos de Galicia.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente acordo de cooperación,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia.

Dentro da Consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial, de conformidade ao apartado m) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería e do Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 181 do 7 de setembro).



Segundo.- Esta Dirección Xeral conta con programas dirixidos á dotación de equipamentos públicos e de mellora de contornas urbanas.

Os equipamentos urbanos desempeñan un papel fundamental como elemento dinamizador de desenvolvemento social e cultural da nosa sociedade e son, ademais, elementos estruturais na contorna urbana.

As intervencións definidas como contornas urbanas recollen as actuacións enfocadas a mellorar o espazo público tendo en conta as necesidades de utilización e en relación coa mellora da contorna, o ambiente e a calidade de vida.

Terceiro.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través dos plans hURBE trata de dar resposta á necesidade de humanización das vilas e de incrementar o atractivo dos núcleos rurais como factor determinante do equilibrio territorial.

O conxunto de vilas dispersas pola nosa xeografía, articulan e centralizan a vida económica, social e cultural do territorio que se atopa baixo a súa área de influencia. Constitúen verdadeiros motores de dinamización social e económica ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

A súa influencia ven determinada por diversos factores como accesibilidade ao núcleo, o nivel de servizos, equipamentos e actividades de ocio que subministra ao conxunto da poboación, e o seu papel como centro comercial para a economía da zona.

As Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, distingue, segundo a diferente función que desempeñan no conxunto do sistema territorial de Galicia:

- Espazos rurais integrados: correspóndense coas zonas máis próximas ás áreas urbanas, cuxa característica principal ven dada por constituír zonas de expansión urbana das cidades veciñas, cun adecuado acondicionamento territorial (equipamentos, dotacións, infraestruturas, etc)
- Espazos rurais intermedios: adoitan situarse na contorna das vilas intermedias e contan cun nivel de servizos, dotacións e infraestruturas aceptable
- Espazos rurais periféricos: os máis afastados das zonas urbanas (zonas de montaña de topografía complexa) onde a crise demográfica preséntase como un problema perentorio, cun nivel deficiente de infraestruturas, dotacións e equipamentos.

Os plans hURBE centran os seus obxectivos sobre estes últimos modelos territoriais.

Cuarto.- O PLAN hURBE 2019-2022 continúa na senda iniciada polo PLANS hURBE 2010-2013 e 2014-2017 tratando de articular unha estratexia de posta en valor das vilas,



tanto as grandes como as pequenas, e dos núcleos rurais, que permita crear as condicións propicias para o seu desenvolvemento sostible, sen prexuízo de actuacións puntuais nas cidades, que se encadren nos obxectivos fixados neste Plan.

A tal fin e preciso, acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

Este Plan persegue os seguintes obxectivos:

1. Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
2. Mellorar os equipamentos e dotacións, aumentando a variedade e elevando os niveis de servizos có fin de proporcionar unha oferta de calidade e axeitada ás necesidades da poboación có fin de incrementar o atractivo das vilas e dos núcleos rurais da nosa comunidade autónoma.
3. Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico das vilas.
4. Incorporar as tecnoloxías de información tanto nas instalacións como na previsión de usos e actividades dos equipamentos municipais.
5. Prestar especial atención a aquelas accións sensibles á especificidade de xénero que garantan un acceso máis equitativo de mulleres e homes aos bens e servizos.

Para a consecución destes obxectivos desenvolveranse accións nas mesmas áreas de actuación que as contempladas nos PLANS *h*URBE 2010-2013 e 2014-2017:

Programa de equipamentos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Incrementar a oferta de infraestruturas e equipamentos óptimos para o desenvolvemento de actividades e eventos de carácter cultural que permitan garantir o acceso á cultura á totalidade da poboación.
- Contribuír á dinamización cultural, económica e de cohesión social, priorizando as actuacións en comarcas carentes destas infraestruturas.

Programa de humanización de rúas, cos seguintes obxectivos específicos:

- Recuperación de espazo público peonil para facilitar os desprazamentos e potenciar a súa función como espazo de encontro dos veciños.
- Mantemento e conservación das rúas en óptimas condicións de seguridade, para os vehículos e transeúntes.

Programa de urbanización e mellora de espazos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Rexeneración medioambiental de espazos degradados para o seu uso pola colectividade.
- Incrementar a oferta dos espazos de convivencia, con especial atención a aqueles que revistan un especial interese histórico, artístico ou arquitectónico.



Quinto.- O concello de Porto do Son necesita acometer e trata de promover unha actuación dentro dos obxectivos especificados no punto anterior.

As obras obxecto de acordo consisten na mellora do ámbito existente entre a praia de Porto do Son e o parque, mediante o fomento e consolidación das dunas e organización de accesos a praia a través delas, con intervención nunha franxa de aproximadamente 40 mts no bordo entre a praia e o parque, delimitada polo oeste co muro de contención da Avenida de Galicia e polo leste polo propio espigón que confina o areal e o peirao de reparación de embarcacións.

Esta actuación, pola súa finalidade de recuperación, mellora ambiental e urbanística da fachada portuaria coa vila, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, "Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma".

Sexto.- Os concellos teñen atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), competencias en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; promoción e xestión de vivendas; parques e xardíns, pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais.

O Concello de Porto do Son considera necesaria a execución desta obra con destino ao uso ou servizo público, e así o manifestou ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que en uso das súas competencias, coincide co Concello no uso público da obra.

Sétimo.- As condicións ás que debe axustarse a execución deste acordo entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia e a devandita corporación local, veñen reguladas polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, coas particularidades establecidas neste acordo.

A execución pola Comunidade Autónoma de determinadas obras en réxime de cooperación con outras entidades públicas esixe, cando teñen por finalidade a satisfacción directa de necesidades cuxa prestación corresponde a estas entidades, a posta en marcha de mecanismos que, respectando o marco legal patrimonial vixente, posibiliten a realización das mesmas cos marxes de eficiencia e seguridade requiridos.

Oitavo.- A Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, como entidade instrumental da Xunta de Galicia, adscrita á Consellería do Mar, segundo o artigo 8 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, correspóndelle o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións. Con este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos



portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos e en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia, así como a ordenación e instrumentación dos sistemas de interconexión dos portos coas vilas.

Conforme ao anterior dentro das obras a executar no marco da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, contémplanse actuacións de recuperación, mellora ambiental e urbanística da fachada portuaria coa vila, consistentes en:

- Actuacións previas: derrubes muros formigón e asfalto, desmoche de escolleira e pavimento, transplantedo de vexetación.
- Movemento de terras: busca de firme para os cimentos das pasarelas.
- Bases para pavimentos: substitución de terreos inestables con saburras e bases.
- Pavimentos: reutilización de lousas de granito existentes.
- Pasarelas: táboas de pino sobre vigas e esteos encaixados en zapatas de formigón.
- Implantación dun sistema de cordón de dunas: captadores de vimbios, revexetación e peches con madeira e corda.
- Instalacións de abastecemento de auga e saneamento para duchas.
- Instalación de alumeado: retirada de luminarias actuais e substitución por balizas.

Por outra parte respecto da zona portuaria da zona de realización das actuacións obxecto deste convenio, compre sinalar que a Dirección Xeral de Costas do Estado o 04.12.2013, emitiu informe favorable á aprobación do plan sinalando que a praia de Porto do Son e as súas augas de baño e zona verde, que ocupa a traspraia, no DEUP mantense dentro da zona de servizo portuaria a pesar de que nel se indica que " esta zona perdeu o usos portuario e ten como cometido fundamental o aproveitamento e disfrute por parte do habitantes da vila de espazos que non presentan a idoneidade funcional e técnica para a actividade portuaria", polo que o dito órgano estatal manifestou que dado que estes terreos constitúen praia e por tanto reúnen as características naturais de ben de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, modificada pola Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei de Costas, considerase conveniente a renuncia a adscrición destes terreos para uso portuario e a súa incorporación ao réxime xeral de dito dominio público.

Con motivo deste informe, Portos de Galicia emprendeu diante da Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, trámites para a incorporación desta ao réxime xeral do dominio público marítimo-terrestre, e así como non estaba perfectamente definida a zona a reverter, desde Portos de Galicia foi remitida proposta á Demarcación de Costas o 17/02/2016 para o seu visto e praxe antes de indicar o expediente correspondente; petición de conformidade que lle foi reiterada o 20/03/2016, e da que non se chegou a recibir resposta polo que non se proseguiu na súa tramitación. Esta reversión está incluída dentro da relación de reversións que se están a tratar dentro do grupo de traballo constituído ós efectos, nos que participan entre outros a FEGAMP.



Polo exposto, e tendo en conta que é unha zona perdeu interese portuario, que se configura na actualidade como praia con xardín tradosado e que xa se informou desde Portos favorablemente a iniciar a súa reversión, non se atopa inconveniente en autorizar unha actuación que pretende “naturalizar” o entorno neutralizando os problemas actuais que se producen polo movemento natural da área. Non obstante, tendo en conta a magnitude da actuación, a cal vaia mudar considerablemente o bordo litoral neste entorno coas implicacións medioambientais (principalmente no que á configuración do areal respecta), e patrimoniais (por estar esta zona na contorna de protección de varios elementos catalogados no Plan básico autonómico), considerase que a formula administrativa axeitada para tramitar esta actuación sería a de convenio de colaboración, e non unha autorización de utilización doutra natureza mais axeitada para actuación de menor relevancia.

É necesario ter en conta que na actualidade está vixente un convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o concello de Porto do Son para o acondicionamento do bordo litoral, que se ben non se solapa con este ámbito, si que ten un obxectivo análogo por tratarse da remodelación do bordo litoral.

Ademais, cómpre engadir que as actuacións proxectadas se encadran tamén na orientación 4.4.6 relativa á mellora da integración dos espazos portuarios coas súas contornas urbanas e territoriais desenvolvendo actuacións de eliminación de barreiras e de integración porto-cidade, garantindo, en todo caso, a funcionalidade portuaria, das Directrices de ordenación do territorio, do Decreto 19/2011, do 10 de febreiro.

Noveno.- O 22 de marzo de 2022, a xefatura da Demarcación de Costas do Estado, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a instancia do Concello de Porto do Son, manifesta en relación ao obxecto deste convenio, que non é competente para a autorización da actuación que se pretende realizar por tratarse de dominio público adscrito a Portos de Galicia, organismo da Xunta de Galicia.

Non obstante, indica que *ao ser esa zona dun uso non portuario e na que ademais nela sitúase unha praia, susceptible pois da súa reversión ao dominio público marítimo-terrestre, indicámoslles as recomendacións xerais que esta Demarcación adoita aplicar, de acordo coas directrices do noso Ministerio, a este tipo de actuacións:*

a) As pasarelas de madeira ou material similar deberán, para evitar a súa posible destrución, estar sempre por encima da cota da P.M.V.E. (preamar máxima viva equinoccial) e evitarase executar cimentacións rixidas, formigón ou similar, para que manteñan o seu carácter de desmontables, minimizando a ocupación sobre a praia.

b) Demoleranse todas aquelas infraestruturas que signifique unha barreira para o transporte sedimentario e para a evolución natural do perfil da praia.



c) *Prohibirase a construción de estruturas fixas sobre a praia, minimizando a ocupación da praia por calquera infraestrutura.*

d) *Todas as plantacións que se realicen deben de ser as adecuadas para cada ambiente, compatibles co uso da praia e que sexan autóctonas.*

Décimo.- Por outra banda, conforme aos artigos 143 e 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral de acordo coas técnicas que consideren máis axeitadas, como a cooperación interadministrativa para a aplicación da normativa reguladora dunha materia ou actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens. Concretamente o artigo 143.1 establece: "As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

Estas relacións de cooperación, que requiren a aceptación expresa das partes, formularanse en acordos dos órganos de cooperación ou en acordos nos que se preverán as condicións e compromisos que asuman.

O artigo 48 da citada Lei de réxime xurídico do sector público establece que as Administracións públicas e os organismos públicos, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir acordos con suxeitos de dereito público, que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras de titularidade das mesmas e da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, recoñecen a súa capacidade para formularen o presente acordo de cooperación, e conveñen na súa formulación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o concello de Porto do Son e a EPE Portos de Galicia, para a execución das obras consistentes na *Intervención para a mellora do bordo da praia de Porto do Son*, conforme ao proxecto que define as devanditas actuacións.



Segunda.- Obrigas da Consellería

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, asume as seguintes obrigas:

1. Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e a dirección das obras sinaladas na cláusula primeira, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados, e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as obras merezan a plena conformidade da consellería, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2. Financiar a execución das actuacións obxecto deste acordo, coa achega indicada na cláusula quinta.

3. Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola consellería, esta poñerá en coñecemento do Concello e da Portos de Galicia, entendendo que tal comunicación determina o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.

Terceira.- Compromisos de Portos de Galicia

Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1. Autorizará, sen prexuízo das licencias e informes que correspondan a outras administracións públicas, a execución das obras obxecto deste acordo, reflectidas na memoria e nos planos achegados polo concello podendo supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nas obras, requirirá á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que as corrixa.

2. Autorizará á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a intervención nos terreos que ocupan as obras para que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste acordo. A devandita intervención da Consellería nos terreos de dominio público portuario obxecto deste acordo, non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia, nin supón cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto de acordo.

A disposición dos terreos necesarios para a execución dentro do dominio público portuario das obras comprendidas no proxecto identificado na cláusula primeira e



solicitadas polo Concello, terá plena eficacia co levantamento da acta de comprobación do replanteo do proxecto conforme ao artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Para a plena eficacia da disposición dos terreos, deberá convocarse ao devandito acto de comprobación de replanteo a un representante de Portos de Galicia, e será preciso que o dito representante de Portos de Galicia asine a acta de conformidade; acta na que se reflectirán as coordenadas UTM do emprazamento das obras.

A estes efectos, a consellería comunicarlle a Portos de Galicia a data que se estableza para a sinatura da acta de comprobación de replanteo.

Dado que a autorización das obras está vencellada a execución dun concreto proxecto, será necesaria a aprobación de Portos de Galicia de calquera modificación que poida xurdir na execución das obras.

3.- Nin a anterior autorización, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste acordo, supoñen alteración da titularidade patrimonial ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios de xestión e explotación afectados vinculados aos fins portuarios, manténdose a prevalencia da competencia portuaria. As obras executadas na zona portuaria quedarán incorporadas á titularidade do dominio público portuario por efecto deste acordo, unha vez recibidas as obras pola Consellería.

Cuarta.- Obrigas do Concello

O Concello asume as seguintes obrigas:

1. Acreditar, con carácter previo á formalización deste acordo:

- A asunción das obrigas económicas que deriven deste acordo de cooperación, a cuxo efecto certificará a inclusión daqueles nos seus orzamentos.

- A renuncia expresa a reter da achega desa corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.

- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción do proxecto que defina as obras a executar. Este proxecto deberá vir aprobado polo órgano competente do Concello, previo informe das administracións con competencias concorrentes nos terreos de dominio público marítimo terrestre onde se executan as obras.

O proxecto deberá ter en conta as seguintes directrices:

a) As pasarelas de madeira ou material similar deberán, para evitar a súa posible destrución, estar sempre por encima da cota da P.M.V.E. (pleamar máxima viva equinoccial) e evitarase executar cimentacións ríxidas, formigón ou similar, para que manteñan o seu carácter de desmontables, minimizando a ocupación sobre a praia.

- b) Demoleranse todas aquelas infraestruturas que signifique unha barreira para o transporte sedimentario e para a evolución natural do perfil da praia.
- c) Prohibirase a construción de estruturas fixas sobre a praia, minimizando a ocupación da praia por calquera infraestrutura.
- d) Todas as plantacións que se realicen deben de ser as adecuadas para cada ambiente, compatibles co uso da praia e que sexan autóctonas.

- Asumir, unha vez recepcionadas, as obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

- Asumir todas cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello.

2. As obrigas de mantemento e conservación das obras en zona portuaria que asume o concello a partir da data de sinatura deste acordo conforme ao establecido no artigo 57.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, terán unha vixencia de 15 anos.

Quinta.- Financiamento

Para o financiamento da actuación que constitúe o obxecto deste acordo de cooperación, as partes implicadas achegarán os importes máximos, distribuído por anualidades, que se indican no cadro inserido a continuación:

Porcentaxes da achegas	2022	2023
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (70% do custe estimado)	36.774,28 €	147.097,10 €
Concello de Porto do Son (30% do custo estimado)	15.760,40 €	63.041,62 €
Total	262.673,40 €	

O financiamento desta actuación, por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.04.521A.607.1.

O aboamento do importe correspondente ao concello, efectuarao en favor da Xunta de Galicia, logo de asinado o presente acordo e os correspondentes contratos e unha vez que lle sexa requirido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, sen que o dito importe supere a contía de cada unha das anualidades anteriormente indicadas e atendendo, en todo caso, ao ritmo de execución dos contratos. Calquera alteración na dita execución que implique a variación do correspondente importe determinará o reajuste das anualidades.



Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do presente acordo, as posibles baixas aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións intervenientes. Non obstante, para a derradeira achega que deba efectuar ao concello, deberán terse en conta a totalidade dos aboamentos efectuados pola consellería aos contratistas adxudicatarios das execucións das actuacións obxecto do acordo, nos que se incluírán aqueles que correspondan ás certificacións finais.

Sexta.- Relación laboral

Este acordo non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas, cumprir coas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste acordo; deste xeito, a subscrición do acordo non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta destas desenvolvan as actividades obxecto do acordo, excluindo a posibilidade de esixir responsabilidades directas, indirectas ou subsidiarias polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Sétima.- Responsabilidade fronte a terceiros

1.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola consellería e posto en coñecemento do concello de Porto do Son, tendo en conta os riscos que se poidan derivar da utilización das instalacións para o fin ao que están destinadas, o concello responderá dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asume por medio deste acordo, durante a súa duración e mentres se manteña a vixencia das obrigas de mantemento e conservación das obras na zona portuaria ás que se refire o apartado segundo da cláusula cuarta.

2.- A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle ao concello. En todo caso, Portos de Galicia terá a condición de interesado nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do presente acordo poderá constituírse unha comisión de seguimento, integrada por seis membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do



Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos. O concello estará representado pola persoa titular da Alcaldía ou persoa en quen delegue e a persoa titular da concellería responsable de obras e/ou infraestruturas. A Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia estará representado pola persoa titular da xefatura da Área de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade e pola persoa titular da xefatura da Zona Centro.

A dita comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do acordo, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do acordo por algunha das partes.

Novena.- Resolución

Serán causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do acordo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula anterior, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o acordo. A extinción do acordo por esta causa, poderá comportar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- Por imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.
- Por cambio na adscrición destes terreos para uso portuario e a súa incorporación ao réxime xeral do dominio público marítimo-terrestre.

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste acordo, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décima.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do acordo, agás aquelas modificacións de carácter



técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula quinta do acordo.

Décimo primeira.- Natureza

Este acordo ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo e demais normas de Dereito administrativo e en defecto deste último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de acordos da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de acordos da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais), e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo cuarta.- Vixencia

O presente acordo producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de dous anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.



E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares as partes asinantes, o obrigado con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada:

A Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,	O Alcalde de Porto do Son,	A Presidenta de Portos de Galicia,
Ángeles Vázquez Mejuto	Luis Oujo Pouso	Susana Lenguas Gil

